

# NORMAS DE ACCESO E USO DAS INTALACIÓNS DO CENTRO DE RECURSOS E SERVIZOS INTEGRAIS Á EMPRESA, (CERSIA EMPRESA) DISPOÑIBLES PARA CESIÓN A TERCEIROS

## Art 1: Obxecto

As presentes normas teñen como obxecto establecer as condicións de uso por parte de terceiros alleos á normal actividade dos distintos departamento smunicipais das seguintes instalacións e materiais do edificio municipal Centro de Recursos e Servizos Integrals a Empresa, en adiante CERSIA Empresa que ten as súas instalacións na Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n en Santiago de Compostela

1. Salón de actos  
Capacidade para 201 persoas  
Equipado con pantalla, canón e sistema de son
2. Salas de formación  
Dúas salas, con capacidade para 22 persoas (modelo auditorio)  
Posibilidade de distintas montaxes  
Equipadas con pantalla e canón
3. Despachos para a realización de pequenas reunións de traballo e titorias.  
Dous despachos equipados con mesa de traballo e catro sillas.
4. Espazos comúns: pasillos e recibidor.
5. 5 carpas automontables cadradas de 3 metros de lateral.

## Art 2: Horario de Apertura

O centro permanecerá aberto ao público a efectos de uso dos espazos reseñados, por norma xeral, de luns a venres de 8:00 a 20:00 horas.

## Artigo 3. Obxectivo

O obxectivo xeral é abrir os espazos do CERSIA Empresa ás entidades adheridas á Rede EuSumo da Xunta de Galicia da que o Concello de Santiago de Compostela forma parte, así como ás persoas e entidades que forman ou pretenden formar parte do tecido económico e empresarial do concello de Santiago para a realización de actividades vinculadas á promoción do desenvolvemento económico no ámbito do Concello de Santiago, con especial atención a aquelas que promovan a economía social e colaborativa e contribúan a acadar os obxectivos marcados polo programa Compostela Móvese.

### 3. 1. Obxectivos Específicos

- Dinamizar o tecido socioeconómico da cidade e crear redes colaborativas para a realización de proxectos de promoción do emprego, o emprendemento e a mellora empresarial.
- Posicionar o CERSIA Empresa como edificio municipal de referencia na promoción do Desenvolvemento Económico Local e o apoio á Economía Social e Colaborativa no Concello
- Favorecer o acceso e uso dos espazos e recursos do CERSIA Empresa ás persoas, institucións e entidades sociais que traballan en prol do Desenvolvemento Económico Local, o apoio a economía social e colaborativa e/ou a dinamización do ámbito socioeconómico do Concello de Santiago de Compostela.

---

### Oficina de Promoción Económica

Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. .

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [cersia@santiagodecompostela.org](mailto:cersia@santiagodecompostela.org). Páxina web: [www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)

- Impulsar un modelo económico para a Gran Compostela que tire proveito das fortalezas da cidade: capitalidade, proxección internacional, Universidade, cultura e patrimonio e cumpla os criterios de sustentabilidade do territorio.
- Creación dunha axenda única de accións de promoción económica que facilite a defusión e participación nas mesmas de toda a cidadanía interesada a través da web municipal [www.cersiaempresa.gal](http://www.cersiaempresa.gal)

### 3. 2. Tipoloxía das accións que se poderán acoller nos espazos:

**As accións que se poderán desenvolver nas** instalacións obxecto de cesión teñen que estar vinculadas pola súa temática aos obxectivos marcados nestas normas de uso

Admitiránse accións informativas, formativas, reunións profesionais, obradoiros, conferencias, presentacións, encontros comerciais, reunións directivas, asembleas sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:

- Non ter ánimo de lucro
- Estar promovidos cando menos por unha entidade sen ánimo de lucro cuxo obxecto social esté vinculado ás áreas de promoción do emprego, promoción do emprendemento, mellora profesional, promoción da innovación e/ou promoción da economía social.

#### Artigo 4. Persoas e institucións usuarias

Ten a condición de institución usuaria calquera persoa física inscrita no Servizo de Apoio á Empresa ou na Axencia Local de Colocación da Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo ou ben xurídica sen ánimo de lucro con sede social (ou cando menos un centro de actividade) no Concello de Santiago de Compostela, cuxo obxecto social esté vinculado ás áreas de promoción do emprego, promoción do emprendemento, mellora profesional, promoción da innovación e/ou promoción da economía social e que solicite o uso das instalacións de acordo coas condicións establecidas nestas normas de uso.

Tamén poderán solicitar as instalacións calquera entidade ou empresa de economía social adherida á Rede EUSUMO da Xunta de Galicia con independencia do seu domicilio social.

Para eventos realizados en colaboración por varias entidades será abondo con que unha das entidades cumpra os requisitos marcados, que será a entidade que realice a reserva do espazo.

#### Artigo 5. Normas xerais de acceso

As entidades afectadas por este documento poderán facer uso das instalacións e servizos dentro dos horarios fixados e respectando as regras e condicións establecidas polas Concellerías de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo e . Políticas Sociais, Diversidade e Saúde

En lugar visible situaranse os horarios de apertura e peche das instalacións. O Concello de Santiago de Compostela reservarase a posibilidade de modificar o dito horario, así como a posibilidade de pechar parcial ou totalmente as instalacións aos usuarios e público en xeral por causas xustificadas ou de forza maior.

De ordinario o acceso é libre, estará controlado por persoal autorizado nos espazos que así o requiran.

#### Artigo 6. Normas xerais de uso

O equipamento debe ser utilizado exclusivamente para os obxectivos fixados neste documento. Tendo en conta que terán prioridade no uso todas aquelas actividades e programas que as Concellerías de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo e . Políticas Sociais, Diversidade e Saúde realizan de xeito ordinario no marco do exercicio das súas competencias ou en colaboración con terceiros para a mellora e dinamización do espazo socioeconómico do Concello de Santiago de Compostela.

##### 6.1 Dereitos

---

#### Oficina de Promoción Económica

**Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. .**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [cersia@santiagodecompostela.org](mailto:cersia@santiagodecompostela.org). Páxina web: [www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)

- Recibir un trato digno e respectuoso por parte do persoal do equipamento.
- Participar nas actividades do centro, utilizar as instalacións e o material existente en condicións de igualdade.
- Ter a súa disposición información relativa ao centro tales como horarios, calendarios de actividades, normas de uso e instrucións dos equipos.
- Contar co apoio e asesoramento do persoal do centro á hora de poñer en marcha iniciativas que teñan como público obxectivo persoas en situación de desemprego, persoas emprendedoras, empresariado e institucións do ámbito socioeconómico da cidade.

## **6.2 Deberes**

- Atender as indicacións dadas polo persoal do centro en canto á utilización das instalacións, materiais e desenvolvemento das actividades.
- Manter un trato respectuoso cara ao resto dos usuarios e cara o persoal do centro.
- Achegar os datos persoais e institucionais que se soliciten tales como nome e apelidos, DNI, estatutos... así como aqueles outros necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Respetar as normas establecidas así como a lexislación vixente relacionada co uso dun equipamento público.
- Asumir a responsabilidade plena e directa nos danos e perdas que se produzan durante a utilización da instalación ou no uso dos recursos e equipamentos das mesmas.

## **6.3 Prohibicións**

- Realización de eventos con ánimo de lucro.
- Realizar actos que dificulten, obstaculicen, ou impidan o desenvolvementos de actividades, supoñan un dano material das instalacións ou afecten á hixiene xeral.
- Realizar actos que perturben, molesten ou poñan en perigo a outros usuarios.
- Manipular elementos e equipos do centro salvo previo acordo ou indicación.
- Comer e beber salvo nos espazos habilitados e salvo no desenvolvemento de actividades nos que se autorice.
- Colocar carteis, folletos ou publicidade de diverso tipo sen a autorización do persoal, quedando prohibida toda publicidade que incite ao consumo de alcohol, tabaco ou calquera outra sustancia perxudicial para a saúde ou con contados sexistas, xenófobos ou calquera outro que atente contra os dereitos fundamentais das persoas.
- Consumir tabaco, alcohol ou substancias perxudiciais para a saúde.
- Tomar fotografías ou secuencias videográficas doutros usuarios sen o seu consentimento expreso.

A entidade usuaria deberá repoñer ou reparar os equipos, infraestruturas, instalacións, ou elementos mobles ou inmobles no caso de deterioro por mal uso dos mesmos. De non ser o caso perderá o dereito de uso e acceso ao equipamento, reservándose o Concello o dereito a recorrer a vía xudicial.

## **Artigo 7. Réxime de cesión de espazos do CERSIA Empresa**

- Os espazos serán cedidos para a realización de todas aquelas iniciativas que segundo o criterio das Concellerías de Concellerías de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo e . Políticas Sociais, Diversidade e Saúde teñan que ver con actividades de promoción do desenvolvemento económico e a economía social que se identifiquen cos obxectivos que rixen o centro.
- A cesión atenderá a criterios de representatividade, interese ou utilidade pública e recursos propios coa limitación que impoñan a coincidencia do uso de espazos por parte de varias delas ou do propio concello.

---

### **Oficina de Promoción Económica**

**Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. .**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [cersia@santiagodecompostela.org](mailto:cersia@santiagodecompostela.org). Páxina web: [www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)

- Non se autorizará reserva de espazos a quen fomente iniciativas sectarias, que vaian en contra da convivencia e cuxo único fin sexa o lucro persoal e/ou o beneficio individual.
- Os espazos serán cedidos con carácter gratuíto, así mesmo as actividades a realizar pola entidade peticionaria non poden ter ningún carácter lucrativo, quedando excluída a realización de calquera actividade de carácter comercial.
- A reserva farase co compromiso por parte da entidade ou empresa solicitante de acatar as normas que aparecen recollidas neste documento.
- As reservas de uso concederanse respectando a orde de solicitude das mesmas.
- Os espazos do centro poderán cederse a outros servizos e proxectos municipais sempre e cando non interfiran na dinámica do centro e na medida do posible sempre e cando contribúan a dinamización socioeconómica do Concello de Santiago.
- Poderá facerse un uso puntual e limitado das instalacións por outros colectivos distintos aos relacionados coa mocidade sempre e cando non interfiran coas actividades propias do equipamento e teñan unha xustificación de carácter social ou cultural a criterio das Concellerías de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo e . Políticas Sociais, Diversidade e Saúde
- A reserva do uso das instalacións quedará supeditada a actos organizados o autorizados polas concellerías reseñadas, non dando lugar a reclamacións cando haxa que suspenderse ou variarse no horario de reserva anteriormente autorizados.

### **7.1 Solicitantes**

- a) Asociacións e entidades sen ánimo de lucro cuxo obxecto social esté vinculado ás áreas de promoción do emprego, promoción do emprendemento, mellora profesional, promoción da innovación, dinamización socioeconómica, promoción da economía social e/ou calquera outra que se considere de interese xeral en relación cos ámbitos descritos e que teñan sede social, ou cando menos unha sede de actividade, no Concello de Santiago de Compostela.
- b) Entidades e empresas adheridas á Rede EUSUMO da Xunta de Galicia.
- c) Persoas usuarias do Servizo de Apoio á Empresa e/ou inscritas na axencia Local de Colocación do Concello de Santiago.

### **7.2 Duración da cesión**

As entidades e persoas poderán solicitar usos puntuais ou de maior duración. Naquelas actividades que requiran unha reserva continuada de espazos, está terá unha vixencia máxima de tres meses finalizada a cal haberá que renovar a petición.

### **7.3 Procedemento e Presentación de Solicitudes**

As peticións se farán sempre por escrito utilizando o modelo que existe para este fin (ANEXO1) e coa antelación suficiente para recibir resposta.

En caso de que a cesión sexa posible, achegarase unha autorización de uso que o solicitante deberá conservar durante o tempo de cesión.

As solicitudes presentaranse en instancia formalizada perante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, na Rúa Presidente Salvador Allende, 4, ou no Rexistro Auxiliar sito no Centro Xuvenil O Ensanche, Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 Baixo.

---

#### **Oficina de Promoción Económica**

**Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. .**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [cersia@santiagodecompostela.org](mailto:cersia@santiagodecompostela.org). Páxina web: [www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)

#### **7.4 Responsabilidades e Obrigas**

- A apertura e peche das instalacións recaerá sobre persoal municipal.
- O Concello de Santiago non asumirá ningunha responsabilidade no período comprendido entre a montaxe, desenvolvemento da actividade e desmontaxe do espazo, de calquera accidente derivado do desenvolvemento da actividade que afecte ás persoas involucradas, debendo a entidade peticionaria garantir a cobertura dos riscos a través da subscrición dos seguros necesarios e tamén prever as medidas de seguridade necesarias. A efectos de comprobación desta condición, o Concello de Santiago poderá solicitar copia do seguro correspondente.
- Os solicitantes asumirán a responsabilidade plena e directa polos danos e perdas que se produzan nas instalacións durante a súa utilización, así como os ocasionados nas dependencias do local. Considerarase responsable directo do uso realizado ao titular da autorización.
- No caso de que a cesión do espazo conleve algún gasto imprescindible para a realización da actividade, este será asumido integramente pola entidade peticionaria.
- O Concello de Santiago de Compostela non responderá dos obxectos persoais que se extravíen ou deterioreen neste espazo municipal.
- Os solicitantes non poderán ceder o espazo concedido a outra entidade ou grupo sen consentimento do persoal do centro.
- No caso de que a cesión conleve algún tipo de montaxe, esta deberá facerse seguindo as indicacións do persoal do centro, respectando os prazos marcados para a montaxe e desmontaxe.
- A utilización do espazo farase no horario establecido e durante o prazo de duración fixado, debendo deixar o local en perfectas condicións físicas e de utilización.
- Os solicitantes non poderán exceder a capacidade autorizada de asistentes.

#### **7.4. Procedemento para o acceso ás instalacións e equipamentos**

- Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante da organización da actividade debidamente identificada co seu DNI orixinal deberá dirixirse ao persoal do centro, que facilitará a entrada a sala asignada, e rexistrará a súa entrada e saída nun parte de asistencia. A non presentación deste documento invalidará a autorización para o uso dos espazos .
- A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión do persoal do centro co obxecto de facilitar o acceso ás instalacións e a correspondente presentación da persoa representante da organización ao propio persoal.
- Antes do inicio de cada actividade comprobarase o estado do espazo e do material, acompañado do persoal do centro.

#### **8.5 Responsabilidades e Obrigas**

- Cada entidade solicitante é responsable da limpeza básica das salas, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada. De constatare que non se está tendo en conta esta norma, o persoal do CERSIA Empresa tomará as medidas que considere oportunas en función da gravidade da conduta observada, podendo chegar á perda do dereito ao uso dos locais temporal ou definitivamente.
- O CERSIA Empresa conta cun servizo básico de limpeza das instalacións e mantemento técnico dos materiais, sempre e cando se trate de danos non derivados do mal uso dos equipos ou das instalacións por parte dos usuarios e usuarias.

---

#### **Oficina de Promoción Económica**

**Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. .**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [cersia@santiagodecompostela.org](mailto:cersia@santiagodecompostela.org). Páxina web: [www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)

- O equipamento poderá permanecer fóra de servizo temporalmente por motivo de reparacións ou por outras causas xustificadas.
- A entidade solicitante ten que acudir ao espazo o día e hora na que se lle autorizou, respectando os horarios e salas asignados.
- Se por calquera motivo unha entidade, empresa ou persoa non vai facer uso das instalación no horario que teñen asignado durante un período curto de tempo, será obriga da mesma remitir dita información ao persoal do centro, coa fin de que as horas que correspondan ó conxunto queden dispoñibles para outras accións. Dita comunicación deberá ter lugar, como mínimo, con sete días de tratarse dun período prolongado. De non observarse esta norma, se considerará unha ausencia non xustificada. En caso da non utilización do espazo en tres ocasións sen xustificación, poderanse denegar as vindeiras solicitudes de espazos realizadas por esa entidade, empresa ou persoa.
- Priorizar o uso do galego na comunicación pública relacionada cos eventos a realizar nas instalacións e/ou cos equipamentos cedidos, así como empregar o logotipo do Concello de Santiago de Compostela e/ou mencionar a colaboración da entidade municipal na mesma. Do mesmo xeito a entidade organizadora velará polo uso dunha linguaxe correcta e inclusiva que non promova a discriminación en calquera das súas formas nin o sexismo.
- As entidades usuarias asumen a responsabilidade de comunicarlle ao persoal, todas aquelas deficiencias que considere de interese respecto do estado da sala, limpeza, materiais, entre outros servizos para o que se facilitará un parte de incidencias, que debe ser debidamente cumprimentado.
- Unha vez rematada a actividade, o espazo e o material debe quedar recollido para o seu uso pola seguinte entidade. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e do cableado para evitar danos e extravíos.
- No caso de que que alguna entidade ocasione danos por negligencia ou mala fe, eberá repoñer integramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.

## FORMULARIO DE SOLICITUDE DE ESPAZOS NO CERSIA EMPRESA

Selo de rexistro:

<b>PERSOA SOLICITANTE</b>			
Apelidos e nome da persoa solicitante:		DNI da persoa solicitante:	
Enderezo:		Localidade:	
Teléfono móbil:	Outro teléfono de contacto:	CP:	
Correo electrónico:			
<b>ENTIDADE SOLICITANTE</b>			
Nome da Entidade:		Tipo de entidade:	
Enderezo:		Localidade:	
Teléfono móbil:	Outro teléfono de contacto:	CP:	
Correo electrónico da entidade:			
<b>ACTIVIDADE</b>			
NOME DA ACTIVIDADE:			
DESCRICION, DEBE CONTER A SEGUINTE INFORMACION:			
<p><b>Clase de convocatoria/evento:</b> .</p> <p><b>Entidade e/ou empresa que a realiza:</b></p> <p><b>Entidades e/ou empresas colaboradoras/patrocinadoras:</b></p> <p><b>Enderezo</b></p> <p><b>Teléfono</b></p> <p><b>Web</b></p> <p><b>Identificador en Facebook e/ou Twitter (se existe)</b></p> <p><b>Datas de realización, horarios e programa:</b></p>			
PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA:		NÚMERO APROXIMADO DE PARTICIPANTES:	

### SOLICITA

O uso das instalacións indicadas do CERSIA Empresa, facéndose responsable en representación da entidade á que pertence, se é o caso, da conservación da instalación e materiais, así como dos danos que se produzan no mesmo, de acordo coas normas de uso deste servizo que recibo xunto a este impreso

Santiago de Compostela a de de 201

Asinado:

---

#### Oficina de Promoción Económica

Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. .

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: [www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)